



U + Opinión P3

Consellos sociais,
realmente
queremos que
funcionen?

Antonio Abril
Abadín

PRESIDENTE DO CONSELLO
SOCIAL DA UNIVERSIDADE



U + Reportaxe P4-12

Proceso electoral.
Unha lección de
xogo limpio
Retos para a
nova etapa. Unha
firme aposta pola
universidade
pública
O equipo.
Unha ampla
experiencia en
xestión



U + Actualidade P13-15

Pesar na comunidade
universitaria polo
pasamento do seu
doutor Honoris Causa
Isaac Díaz Pardo

A Fundación Barrié
destina medio millón
de euros ao apoio de
dous grandes proxectos
de investigación

Éditase o primeiro
Dicionario de química
en galego con máis
de 7.000 termos


O reitor inaugura un
mural de Leandro
Lamas na Facultade de
Economía e Empresa

Cinco iniciativas de
alumnos emprendedores
úñense ás empresas
asociadas da UDC

Premio para a Facultade
de Ciencias da Educación
Física na gala do
Día do Deporte

Juan Manuel Díaz
Villoslada é o novo
xerente da UDC

Culmina a adaptación
ao Espazo Europeo de
Educación Superior co
Mestrado en Avogacía



A Universidade súmase
ao proxecto Smart Cities

Recibimento ao
estudantado Erasmus
e de intercambio

María Dolores Candedo,
colexiada de honra de
Educadores Sociais

O reitor inicia en Ciencias
da Saúde unha rolda de
contactos polos centros

U + Contraportada P16

Loito e recoñecemento
académico no Día
da Universidade

DIR
ECT
ORI
O

EDI
TOR
IAL

INFORMACIÓN E SUGERENCIAS

comunicacion@udc.es
www.udc.es

@UDC_gal

www.facebook.com/udc.gal

EDITA

Universidade da Coruña
REITORÍA
RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 1047
comunicacion@udc.es

COORDINACIÓN, TEXTOS E FOTOGRAFÍA:

Gabinete de Comunicación

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:
Servizo de Normalización
Lingüística

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Sistema Diseño

DEPÓSITO LEGAL:
C 2038-2009

Impreso en papel 100% ecolóxico



ENDEREZOS DE INTERESE

OTRI: Oficina de Transferencia
de Resultados de Investigación
EDIFICIO DE SERVICIOS
CENTRAIS DE INVESTIGACIÓN
CAMPUS DE ELVIÑA S/N
15071 A CORUÑA
TEL. 981 167 173
ucotri@udc.es

Portal de Empleo
<http://www.udc.es/sae/empregoudc/>

Servizos de Apoio á
Investigación
EDIFICIO SERVICIOS CENTRAIS
DE INVESTIGACIÓN
CAMPUS DE ELVIÑA S/N
15071 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 2072
sxaisec@udc.es

Observatorio Ocupacional
CENTRO UNIVERSITARIO
DE RIAZOR
ALMIRANTE LÁNGARA S/N
15011 A CORUÑA
TEL. 981 167 000. EXT. 2651
col@udc.es

Vicerreitoría de Investigación
e Transferencia
RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 003
vit@udc.es

Cambios Gabinete de Comunicación

A Universidade da Coruña abre unha nova etapa liderada polo reitor saído da vontade da comunidade universitaria o pasado 13 de decembro. Xosé Luís Armesto rexerá a Academia nos próximos catro anos, xunto cun equipo que conta cunha maioría de caras novas no goberno universitario mais cunha ampla traxectoria en xestión e organización.

Este mandato que acaba de comezar faino nunhas difíciles circunstancias económicas ás que a universidade non é allea. De feito, prevendo un escenario económico adverso o equipo do ex-reitor José María Barja aplicou durante os seus dous mandatos unha política orzamentaria rigorosa que permitiu chegar á actualidade sen débedas e cunha economía saneada, aínda que isto parece que non será suficiente de cara aos próximos anos, pois os ingresos minguan en cada exercicio.

Moitas son as críticas e as ameazas que semellan pender sobre as universidades públicas, sen ter en conta o seu papel impulsor do progreso, a súa achega á formación das persoas e tamén ao enriquecemento cultural e social do país. Nun momento en que se están a cuestionar as administracións dun xeito indiscriminado ben está poñer en valor aquilo que o ten obxectivamente.

Marxe de mellora? Por suposto. Haberá que lembrar unha vez máis que o investimento que se realiza na universidade devólvese á sociedade entre dúas e tres veces o seu valor? Ou que a universidade é capaz de xerar no seu contorno un número de postos de traballo que multiplica por catro os seus empregos directos? Repetirémolo, á fin e ao cabo a universidade está acostumada a facer pedagogía.

Falamos de xestión? De transparencia? No caso da Universidade da Coruña a información económica está recollida e aberta á consulta dos usuarios da súa páxina web. Non podía ser doutro modo nunha universidade pública en que as contas teñen que ser aprobadas polo Consello de Goberno e mais polo Consello Social antes de entraren en vigor.

Cómpren máis datos? O índice de satisfacción do alumnado da Universidade da Coruña é superior á media universitaria española; o índice de empregabilidade das persoas que saen tituladas das súas aulas, a pesar da situación actual, segue estando tamén por riba da media estatal; na última edición dos premios nacionais á excelencia no rendemento académico universitario, a Universidade da Coruña quedou no terceiro posto;...

Aínda que poderían ser datos para o optimismo, sono máis ben para a responsabilidade, como o son tamén os 24.500 alumnos e alumnas que enchen as aulas coruñesas e ferrolás este curso, cifra que tende á alza un ano máis.

Todo parece indicar que se avexían moitos cambios no panorama universitario amparados nunha adversa situación económica, mais a gran transformación da universidade xa se produciu. A adaptación de todas as titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior, o chamado plan Boloña, está en funcionamento xa desde hai uns cursos. A redución de títulos, (de 168 a 118 no sistema universitario galego), os novos plans de estudo confeccionados que contan con variables nunca previstas anteriormente como a empregabilidade dos titulados, as prácticas obrigatorias para todo o alumnado, a adecuación da formación ás necesidades que se requirirán no desenvolvemento da profesión... Todo iso xa se fixo e foi verificado e ratificado polas autoridades pertinentes; é máis, por se isto non fose suficiente, cada seis anos todos os títulos terán que pasar por unha avaliación para demostrar que se cumpren os obxectivos.

Adaptación e revisión forman parte xa do noso vocabulario académico. Quen dixo que a universidade estaba estancada?

Universidade e Sociedade Blogpaper



Directorio P2

Editorial P2

U + Opinión P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-12

Proceso electoral. Unha lección de xogo limpo

Retos para a nova etapa. Unha firme aposta pola universidade pública

O equipo. Unha ampla experiencia en xestión

U + Actualidade P15

U + Contraportada P16

Loito e recoñecemento académico no Día da Universidade

Antonio Abril Abadín

Presidente do Consello Social da Universidade

Consellos sociais, realmente queremos que funcionen?

A Lei orgánica 6/2001, do 21 decembro, de universidades (LOU), modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 abril (LOMLOU), define os consellos sociais como os órganos de participación da sociedade na universidade e asígnalles a función xeral de exercer como elementos de interrelación entre ambas as dúas e, en concreto, a supervisión das actividades de carácter económico e do rendemento dos servizos da universidade e a promoción da colaboración da sociedade no seu financiamento.

Non obstante a indubidable lexitimación e transcendencia das súas funcións (reiteradamente escoitamos dicir aos nosos representantes políticos e universitarios que a universidade non é do seu profesorado, nin do seu cadro de investigación, nin do seu estudiantado, senón da sociedade, que é ademais quen a financia por vía fiscal dado que as taxas universitarias apenas cobren o 10 por cento do seu custo) os Consellos Sociais son os grandes descoñecidos da universidade e a súa achega á construción e mellora da ensinanza pública superior en España é moi limitada, sendo en non poucos casos simples órganos ratificantes das decisións universitarias.

Recentemente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria acometeu a redacción da nova Lei do sistema universitario de Galicia (LSUG). O proxecto representa unha oportunidade para que os consellos sociais, se realmente cremos neles e entendemos que teñen unha función institucional importante que cumprir, melloren a súa condición e se superen parte das limitacións que actualmente fan que a súa configuración non sexa en moitos aspectos a axeitada para que poidan cumprir a súa función de participación social no goberno das universidades, xe xeito que estas cheguen a ser as institucións excelentes e eficientes que todos queremos e que a sociedade galega e española necesita.

Un recente documento de traballo, elaborado pola Conferencia de Consellos Sociais das universidades públicas españolas "*Estudo-Proposta de elementos comúns para as leis autonómicas reguladoras dos consellos sociais das universidades públicas españolas*" fai unha chamada á responsabilidade do lexislador autonómico, para que "*impulse, perfile, concrete ou desenvolva aínda máis as atribucións e organizacións dos consellos sociais, dentro do máis estrito respecto á LOU. Nas circunstancias actuais en que emerge con forza a reforma da gobernanza como materia pendente da universidade española, é necesario que a adaptación da lexislación autonómica sobre os consellos sociais se aborde como oportunidade de mellora con visión de futuro. A superación*

das actuais limitacións dos consellos sociais, para o eficaz desempeño dos seus cometidos, require reformas puntuais encamiñadas a reforzar as atribucións competenciais e as capacidades operativas destes órganos de participación social no goberno da universidade... A capacidade lexislativa que teñen as comunidades autónomas para regular a composición e as funcións dos consellos sociais, deixa aberta unha porta para ir transitando cara a novas formas de goberno que permitan mellorar o posicionamento competitivo da universidade española e a súa contribución ao desenvolvemento económico e social".

Imos relacionar a continuación algúns aspectos que necesariamente deberá tratar a futura LSUG, se realmente queremos mellorar a actual situación dos nosos consellos sociais.

Natureza. Na actual regulación, os consellos sociais son órganos de natureza difusa e inconcreta, como o é a súa definición de órganos de participación da sociedade na universidade, e faise necesario dar un paso máis cara á súa configuración como verdadeiros órganos universitarios de goberno, en liña coas súas efectivas funcións de goberno e dirección.

Autonomía. A actual regulación dos consellos sociais de Galicia ofrece o paradoxo dun órgano con funcións de control e supervisión económica, orzamentaria e do rendemento dos servizos que depende, practicamente na súa totalidade, do órgano controlado. Na medida en que os consellos sociais son órganos da universidade, non teñen personalidade xurídica propia e, polo tanto, dependen, no seu orzamento, persoal e autonomía operativa, da propia universidade a que controlan, que é quen lles debe asignar o seu financiamento e o seu persoal. O presidente do Consello Social non pode realizar outras funcións que as de execución do gasto autorizado no orzamento e para todo o demais precisa unha delegación de facultades do reitor, sen a cal non pode asinar ningún tipo de acordos nin convenios. A pregunta xorde con toda evidencia: pode un órgano controlante exercer as súas funcións de supervisión e control cando depende na súa mesma esencia do órgano controlado? Hai que admitir que, neste marco de dependencia, os consellos sociais galegos recibimos un balón de osíxeno –e de dignidade– coa asignación directa no novo Plan de financiamento do SUG, dunha achega económica fixa anual, para cada consello e con cargo ao orzamento da Xunta de Galicia.

Fins e competencias. A estas alturas resulta manifestamente insuficiente centrar a colaboración da universidade coa sociedade que deben promover os consellos sociais na mellora do financiamento

daquela, omitindo o gran reto que as universidades teñen nos momentos actuais de construción da sociedade do coñecemento e necesaria transformación do sistema económico-social para superar a crise, que pasa necesariamente por mellorar a súa denominada terceira misión, é dicir, a súa contribución ao desenvolvemento social e económico e, en consecuencia, a creación de emprego e riqueza, mediante a transferencia dos resultados do coñecemento e da investigación universitaria e a súa posta en valor polo tecido produtivo. Iso esixe unha actualización e reorientación das funcións dos consellos sociais cara ao apoio e mellora da terceira misión universitaria, ao que só apunta a actual lei galega cando lles encomenda a función de impulsar a colaboración entre as universidades e a sociedade mediante a satisfacción por estas das necesidades do seu contorno, contribuíndo eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural.

Persoal. Non podemos pretender que exerza debidamente as súas funcións quen non conta cos medios humanos mínimos para iso e non basta con dicir que deberá telos. É o caso do Consello Social da UDC que a día de hoxe aínda non conta con persoal propio titulado superior fixo no seu cadro de persoal. É imprescindible, por tanto, que a nova lei estableza unha estrutura mínima de persoal, que garanta, polo menos, unha Secretaría dotada con persoal funcionario ou laboral fixo cualificado e o persoal administrativo necesario para que os consellos sociais poidan desempeñar axeitadamente a súa función. Ten que se prever ademais, como xa fan as leis de Asturias e Cantabria, que a Administración autonómica poida cubrir as necesidades de persoal do Consello.

Presidencia e composición. A nova normativa debe garantir que os membros non universitarios dos consellos sociais sexan efectivamente representantes de intereses sociais, económicos ou culturais, evitando nomeamentos só por afiliación ou afinidade política que comprometan a esencia da institución e a súa función de servizo á ensinanza pública superior que, por definición, debe responder a criterios de excelencia, mérito e capacidade en absoluto contaminados por partidismos políticos. Nesta liña, debería de se garantir a independencia do presidente a través da necesaria ratificación da súa proposta de nomeamento e cesamento por unha maioría parlamentaria cualificada. Ademais, a experiencia demostra que 27 membros resulta un número excesivo de vogais para o correcto funcionamento dos consellos e que se debería reforzar a súa obriga de asistencia e activa participación.

Proceso electoral

Unha lección de xogo limpo con confrontación de ideas pero non de persoas

Universidade e Sociedade Blogpaper



Directorio P2

Editorial P2

U + Opinión P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-12

Proceso electoral. Unha lección de xogo limpo

Retos para a nova etapa. Unha firme aposta pola universidade pública

O equipo. Unha ampla experiencia en xestión

U + Actualidade P15

U + Contraportada P16

Loito e recoñecemento académico no Día da Universidade

“Tempo de respostas”. Baixo este lema, chamando a atención sobre a necesidade de definir entre todos o modelo de universidade que queremos, presentábase Xosé Luís Armesto, candidato por Nova Luce, ao último proceso electoral celebrado na UDC. Foi finalmente a proposta do que fora vicerreitor de Profesorado desde o ano 2004 a que convenceu aos votantes. Unha proposta baseada na defensa da universidade pública, da autonomía financeira, da calidade na docencia e da busca do interese común, garantindo unha estrutura máis flexible, igualitaria e aberta á sociedade. As armas de Xosé Luís Armesto son a súa experiencia na xestión e a súa vontade de avanzar no proxecto iniciado por Nova Luce afrontando os novos desafíos que impón este momento crucial para o futuro da universidade galega e moi complicado no contexto económico.

Durante a campaña electoral, desenvolvida entre o 21 e o 29 de novembro de 2011, Xosé Luís Armesto insistiu nestes obxectivos, en que incidiría tamén no seu discurso de toma de posesión como reitor, o 13 de xaneiro. Ese día concluíu no Paraninfo da Reitoría, nun solemne acto con representación de toda a comunidade universitaria, un proceso en que destacou a vontade construtiva de todos os candidatos. Así o destacaba o propio Armesto, manifestando que, como universitarios, os cinco aspirantes a reitor demostraron que “é máis canto nos une que calquera diferenza”.

Xunto co candidato de Nova Luce concorreron ás eleccións Luis Castedo, representado ao colectivo Alternativa Universitaria de Progreso; Fermín Navarrina, por Agora UDC; Alejandro Pazos por Plataforma Aberta e Manuel Recuero, por Iniciativa de Renovación Universitaria.

A primeira votación destes comicios, os primeiros na historia da UDC en que se postularon cinco aspirantes, tivo lugar o 1 de decembro de 2011 e a ela foron convocados máis de 20.000 membros da comunidade universitaria. Ningún candidato conseguiu máis da metade dos votos, polo que foi preciso convocar unha segunda volta, a que concorreron os dous candidatos con maior número de votos. Tras Xosé Luís Armesto, que venceu en 13 das 24 mesas electorais e acadou unha ampla marxe con preto do 33% dos votos, situábase Luis Castedo con algo máis do

22%. Foi un disputado segundo posto, xa que ao líder de Alternativa Universitaria de Progreso só o separaron 22 votos poderados do candidato que quedaría finalmente en terceiro lugar, Fermín Navarrina.

Foi o martes, día 13 de decembro, nunha xornada que se desenvolveu con total normalidade pero con gran expectación no escrutinio, cando se soubo finalmente quen sería o reitor para os próximos catro anos. A emoción no reconto, que se mantivo ata o final, e tamén a súa rapidez, xa que se fixo de xeito totalmente informatizado, foron as notas máis destacadas dunha xornada en que o nivel de participación entre os electores acadou unha media do 63% entre os diferentes colectivos da comunidade universitaria. Destacou a concorrencia dos profesores doutores, con preto do 90%, e o persoal de administración e servizos, que estivo arredor do 80%. Con todo, descendeu algo a de estudantes con respecto á primeira volta, en que acadara preto do 19%, unha moi boa porcentaxe tendo en conta a escasa participación que tradicionalmente se produce neste colectivo.

Xosé Luís Armesto impúxose finalmente por 115 votos ponderados, conseguindo o 51,24% do total. O persoal doutor con vinculación permanente e o alumnado foron os colectivos onde acadou a maior porcentaxe de votos. Foi un resultado “moi xusto”, tal como sinalaba o propio Luis Castedo tras o escrutinio, un proceso sobre o que os medios de comunicación deron cumprida conta practicamente en tempo real e no que a tónica volveu ser a lealdade democrática e a colaboración.

Rodeado dos membros do seu equipo, e definíndose como “un servidor máis” da comunidade universitaria aparecía o líder de Nova Luce nas súas primeiras palabras tras proclamarse vencedor nas eleccións. Tras reiterar a súa vontade de defensa da universidade pública e lembrar a responsabilidade que supón este novo compromiso, o novo reitor pechaba o seu discurso facéndolle a súa particular homenaxe ao seu antecesor: “E agora, como diría José María, poñámonos a traballar”.

Cinco reitores en dúas décadas de historia

Xosé Luís Armesto convértese, tras o seu nomeamento, no quinto reitor da Universidade da Coruña desde a súa creación en 1989. O primeiro en ocupar ese cargo foi José Antonio Portero Molina, catedrático de Dereito. O seu sucesor no cargo foi José Luis Meilán Gil, político, xurista e catedrático de Dereito Administrativo, que se mantivo neste posto máis dunha década, ata 2003. Foi nese ano cando José María Barja venceu as eleccións. Tras o breve paso de Eliseo Alfonso Barca Lozano como reitor en funcións, por un período de tres meses, o catedrático de Álgebra e líder de Nova Luce tomaba posesión como novo reitor en xaneiro de 2004. Unha das primeiras medidas que tomaría Barja ao acceder ao cargo foi modificar os Estatutos da institución académica, co fin de que, no futuro, os reitores da Universidade da Coruña non estivesen máis de oito anos consecutivos nese posto. Esta norma afecta a todos os órganos unipersonais da UDC.





Cronoloxía

NOVEMBRO 2011

8 rexistro das candidaturas na Reitoría da Universidade da Coruña

21 apertura da campaña electoral

29 peche da campaña electoral

DECEMBRO 2011

1 primeira volta das eleccións á Reitoría


13 segunda volta das eleccións á Reitoría

22 proclamación do novo reitor da Universidade da Coruña

XANEIRO 2012

13 toma de posesión do novo reitor da Universidade da Coruña

Censo electoral




- Estudantado 18.270 persoas
- Profesorado doutor con vinculación permanente 797 persoas
- Restantes categorías de profesorado 819 persoas
- Persoal de administración e servizos 751 persoas

TOTAL 20.637 persoas

Sistema de votación

SUFRAXIO UNIVERSAL CON VOTO PONDERADO



PORCENTAXES:

- 51% Profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade
- 12% Resto do persoal docente e investigador
- 28% Estudantado
- 9% Persoal de administración e servizos

Primeira volta

PARTICIPACIÓN:

91,09% Profesorado doutor con vinculación permanente

66,67% Restantes categorías de profesorado

18,81% Estudantado

83,62% Persoal de administración e servizos

VOTOS PONDERADOS:

1.676
32,87% Xosé Luís Armesto

1.140
22,36% Luis Castedo

1.118
21,93% Fermín Navarrina

724
14,20% Alejandro Pazos

440
8,63% Manuel Recuero

Segunda volta

PARTICIPACIÓN:

89,84% Profesorado doutor con vinculación permanente

65,93% Restantes categorías de profesorado

16,70% Estudantado

79,63% Persoal de administración e servizos

VOTOS PONDERADOS:

2.361
51,24% Xosé Luís Armesto (Nova Luce)

2.246
48,75% Luis Castedo (Alternativa Universitaria de Progreso)

Toma de posesión do novo Reitor Xosé Luís Armesto valida ante un ateigado Paraninfo o seu compromiso coa universidade pública

Universidade & Sociedade Blogpaper



Directorio P2

Editorial P2

U + Opinión P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-12

Proceso electoral. Unha lección de xogo limpo

Retos para a nova etapa. Unha firme aposta pola universidade pública

O equipo. Unha ampla experiencia en xestión

U + Actualidade P15

U + Contraportada P16

Loito e recoñecemento académico no Día da Universidade

A visión do mar coruñés tras as cristaleiras do Paraninfo foi o colofón ao emotivo e multitudinario acto de toma de posesión do novo reitor da Universidade da Coruña, Xosé Luís Armesto, nunha solemne cerimonia ateigada de autoridades e representantes dos eidos académico, social e cultural da cidade. Foi un día de benvidas, as dos debutantes no equipo de goberno, de reencontros, os dos que repiten en diferentes cargos, e tamén de despedidas, a de José María Barja, que deixaba o seu cargo á fronte da institución despois de oito anos.

En torno a 400 persoas déronse cita no Paraninfo, entre as que non faltaron familiares, amigos e compañeiros académicos dos nomeados, que foron prometendo o seu cargo ata completar as sete vicerreitorías. Antes dese momento produciase o relevo na Reitoría entre José María Barja e Xosé Luís Armesto, que recibía o bastón de mando baixo o aplauso das autoridades, encabezadas polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo.

Na mesa presidencial estaban tamén o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez; o presidente do Consello Social da Universidade, Antonio Abril, así como os reitores das Universidades de Santiago, Juan J. Casares Long, e de Vigo, Salustiano Mato de la Iglesia. Non quixeron faltar a esta cita outras autoridades como os alcaldes da Coruña, Ferrol, Santiago, Oleiros e Arteixo; as conselleiras de Sanidade e Traballo e Benestar; o presidente e o fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; o presidente da Deputación da Coruña, o secretario xeral do PSdeG, o voceiro do Grupo Parlamentario do BNG, así como deputados autonómicos e presidentes de institucións como o Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, ou a Autoridade Portuaria da Coruña, Enrique Losada.

Ante tan nutrido auditorio pronunciou Xosé Luís Armesto o seu primeiro discurso como reitor, en que dedicou as súas primeiras palabras ao seu antecesor, José María Barja, do que quixo salientar como o seu mérito esencial que “sempre entendeu a importancia do traballo en equipo e soubo escoitar e dialogar para que cada quen aportase o mellor de si á institución”. Pola súa banda, Barja despedíase do seu cargo asegurando que “a Universidade da Coruña queda en moi boas mans”, para engadir que o profesor Armesto

acumula un gran prestixio na xestión universitaria, logo dunha longa traxectoria na defensa da universidade pública”.

Precisamente sobre esa defensa gravitou a maior parte do discurso do reitor, que reiteraba a súa mensaxe recorrente durante todo o proceso electoral: “Creo na eficacia da universidade pública como motor da mobilidade social ascendente”, manifestaba, xa que constitúe “un modelo corresponsable e vertebrador” e un “instrumento esencial para o desenvolvemento económico, social e cultural do noso país”.

Armesto lembrou que a universidade pública non só ensina, investiga e transfere coñecemento, senón que tamén cumpre unha función insubstituíble como instrumento de cohesión social e económica. De feito, considerou que a Universidade da Coruña en concreto fixo máis pola igualdade de oportunidades que a mellor política de bolsas.

Pero en contraposición a esta mensaxe positiva, sustentada pola sociedade galega, que outorga unha gran valoración nas enquisas ao labor desta institución, a parte negativa chegaba ao falar do aspecto económico. Lamentou o reitor que o investimento español en educación (o 1,1% do PIB) sexa aínda inferior que o do 1,5% do ámbito da OCDE, que a maior transición educativa feita no Estado –a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior– fose tratada con “financiamento cero” ou que a I+D+i galega sexa unha das baixas do Estado, ao non acadar o 1% do PIB.

Aínda así, España conseguiu posicionarse como novena potencia científica do mundo, o que demostra que a universidade devolve á sociedade entre dúas e tres veces o investimento que se realiza nela. Por tanto, instou os responsables da xestión pública a emular a Alemaña ou a Francia, que reforzaron os seus orzamentos para investigación, xa que un parón neste ámbito custaría décadas de recuperación nunha sociedade que se proclama como “do coñecemento”.

UNHA UNIVERSIDADE SEN DÉBEDAS

Xosé Luís Armesto aproveitou a ocasión para facer valer publicamente o esforzo realizado pola Universidade da Coruña para chegar ao difícil momento actual saneada e sen débedas, o cal é froito dunha xestión seria, baseada na

planificación, no equilibrio e no rigor orzamentarios. Ademais, demostra que “sabemos ser eficientes e tirar os mellores resultados dos sempre escasos recursos que temos”, así que a “sustentabilidade está no noso ADN”, asegurou.

Chegado a este punto, non ocultou o reitor o posicionamento crítico da Universidade da Coruña cara ao actual plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia, que considerou “pouco razoable” para a universidade pública e ineficaz para reducir os desequilibrios históricos dos que adoece a UDC. Tamén chamou á colaboración entre as tres universidades galegas para acadar un sistema sólido, ben coordinado e cohesionado, invitando o goberno galego a fuxir de disputas estériles e acadar alianzas tomando parte esencial nesta “política ambiciosa”. Da Xunta reclamou tamén o seu compromiso lembrando que “as universidades responderemos” como “un aliado eficaz para os intereses que todos representamos” e que non son outros que o servizo a Galicia.

O máximo responsable do goberno galego e por tanto o principal interlocutor nesta sorte de conversa institucional estaba presente no acto. Alberto Núñez Feijoo pechou os discursos asegurando que “a Xunta estableceu a Universidade como prioridade na nosa axenda”, xa que a sociedade galega ve nela “unha esperanza para o porvir e un exemplo para seguir” nestes tempos en que “a crise estende unha negra sombra sobre nós”.

Tras amosar este compromiso da Administración galega coa universidade como unha das matrices de Galicia, sen a que non se pode entender este país, o presidente da Xunta reclamou á UDC a mesma racionalización de recursos, austeridade e esforzo mancomunado que se lle está pedindo ao resto da estrutura social.

No eido económico celebrou que o novo reitor manifestara publicamente que atopa unha universidade con equilibrio nas súas contas e aproveitou para agradecer o esforzo, a lealdade e o traballo a prol do sistema universitario galego. A Xosé Luís Armesto desexoulle todos os éxitos nesta etapa, para a que conta cunha importante bagaxe avalada pola súa experiencia na xestión, e ofreceulle toda a colaboración agradecendo o seu compromiso para facer eficiente e sustentable a universidade pública da Coruña e apostar por un sistema universitario galego único e cohesionado.



Xosé Luís Armesto

“Somos unha universidade pública, moderna e en permanente progresión, ordenada, ben integrada e cos perfís académicos correctamente definidos”



Alberto Núñez Feijoo

“A nosa universidade alumea un futuro en que Galicia seguirá sendo, pese a quen lle pese, unha célula de universalidade”

José María Barja

“Non toca falar de pasado, senón dun futuro en que a UDC ten perfilada a súa identidade para seguir avanzando na calidade na docencia, na investigación e na transferencia de coñecemento”



Discurso de despedida de José María Barja como Reitor da Universidade da Coruña

“Para todos os que pensamos que as institucións están sempre por riba das persoas, un acto como o de hoxe non debe pasar de constituir un punto e seguido no percorrido dunha universidade aínda moi nova.

Os ciclos da xestión universitaria –sempre os calendarios que tanto ordenan a nosa vida– establecen unha renovación na Reitoría cada catro anos e os nosos Estatutos limitan a dous os mandatos máximos dunha mesma persoa nun mesmo posto de xestión unipersoal.

Daquela, cómpre seguir a rutina institucional e deixar paso a un novo reitor e ao seu equipo para que continúe o labor de dirección da Universidade da Coruña. Unha responsabilidade que eu tiven o orgullo de desempeñar ao longo dos últimos oito anos e que agora asume o profesor e amigo Xosé Luís Armesto.

Coido, honestamente, que a Universidade da Coruña queda en boas mans. En moi boas mans. O profesor Armesto acumula unha gran prestixio na xestión universitaria, logo dunha longa traxectoria na defensa da universidade pública, compaxinada co seu traballo como docente e como científico na Facultade de Ciencias.

Esa traxectoria culmínase agora, xustamente, co seu acceso á máxima responsabilidade á fronte da nosa institución porque así o determinou a comunidade universitaria logo dun proceso electoral exemplar.

Amigo Xosé Luís, moitas grazas polo teu eficazísimo traballo na sempre complicada Vicerreitoría de Profesorado. Grazas pola túa lealdade, que será sempre recíproca. Non vou dicir en público nada que non teñamos falado ao longo destes anos. Sabes que podes contar coa miña colaboración incondicional sempre que o precises.

Como sucede noutras ordes da vida, oito anos dan ampla marxe para acumular moitas satisfaccións e tamén a correspondente cota de sinsabores. Pero nunhas e noutras ocasións procurei poñer sempre por diante de calquera outra cousa o interese supremo dunha Universidade da Coruña ao servizo da sociedade que a sostén cos seus recursos.

Hoxe comeza unha nova etapa. Non toca falar do pasado, senón do presente e dun futuro. Un presente e un futuro no que a Universidade da Coruña ten perfiladas a súa identidade e as súas liñas estratéxicas para seguir avanzado sobre o xa construído na cultura da calidade na docencia,

na investigación e na transferencia de coñecemento.

Sería interminable expresar todos e cada un dos agradecementos dos que quixera deixar constancia, porque moita foi a colaboración e o apoio obtido no tempo en que a comunidade universitaria depositou en min a súa confianza.

Agradecemento aos profesores e responsables de departamentos, aos estudantes e ao persoal de administración e servizos dos dous campus da Coruña e de Ferrol.

Agradecemento ao Consello Social, ao seu presidente e aos reitores das Universidades de Santiago e de Vigo pola colaboración e por compartir o desexo de consolidar un sistema universitario galego eficiente e coordinado.

Agradecemento a institucións, asociacións, empresas e entidades coas que a Universidade mantén relacións e que demostran comprender a importancia de manter unha colaboración cada vez máis estable.

Agradecemento, en fin, a todas e todos cantos colaboraron estreitamente comigo, nomeadamente aos profesores Xosé Luís Armesto, Concha Herrero, Luís Caparrós e Luís Barral que me acompañaron no meu equipo desde o primeiro ata hoxe”.

Discurso de Xosé Luís Armesto no acto de toma de posesión como Reitor

“Dirixir a propia Universidade, aquela á que un vén dedicando o seu esforzo ao longo dos anos, é –non o dubiden–, unha das misións máis honrosas que pode afrontar un profesor universitario.

Eu asumo desde hoxe esta honra como outro servizo, o máis elevado entre cantos me corresponderon dentro desta institución, desde aquel xa distante ano, 1985, en que as primeiras eleccións democráticas no campus coruñés me levaran á dirección do Colexio Universitario.

Cantas persoas me coñecen saben que poñerei toda a miña enerxía neste empeño, que para min se resume na defensa coherente dos intereses da nosa universidade cos máis amplos do país galego e do sistema público e de benestar.

Así constaba no programa que defendín durante as semanas pasadas e ese será tamén o norte que me haberá de guiar durante os vindeiros catro anos.

Son consciente, con todo, de que unha persoa soa pouco pode facer se non sabe tirar leccións da experiencia e das persoas que o rodean.

Eu tiven o privilexio como vicerreitor de compartir o goberno da Universidade da Coruña cun grupo de amigos e de amigas de quen aprendín moitas cousas que agora me serán de extraordinaria utilidade. Entre esas persoas quero salienta nesta ocasión especial a Xosé María Barja, a quen –entre os seus moitos méritos– quixera agradecerlle un esencial: Xosé María sempre entendeu a importancia do traballo en equipo e, dentro

dese equipo, soubo escoitar e dialogar para que cada quen aportase o mellor de si á institución.

As ideas de diálogo, de cooperación e de colaboración, de suma en fin, que puxen por diante no meu programa, quero estendela ao conxunto da comunidade universitaria coruñesa e ferrolá, e hoxe moi especialmente aos meus leais competidores nas pasadas eleccións, os profesores Castedo, Navarrina, Pazos e Recuero. Como universitarios, podemos estar orgullosos ante a sociedade de cómo se desenvolveu este exercicio democrático. É máis canto nos une que calquera diferenza.

Creo na universidade pública. Reitereino tanto durante a campaña que entendo perfectamente o sorriso

que xa vexo debuxarse en tantas caras. Permítanme logo ser insistente, xa que tanta ou maior insistencia prodigan quen a atacan con propostas que tenden a desvirtuarse en aspectos esenciais. Creo na eficacia da universidade pública como motor da mobilidade social ascendente. Véxoa ademais como modelo de goberno corresponsable e vertebrador, eficaz por tanto. E, finalmente, enténdoa como instrumento esencial para o desenvolvemento económico, social e cultural do noso país.

Poderíamos afinar cada un destes aspectos, poderíamos axustar o modelo ás esixencias dunha sociedade cambiante, pero se introducimos pexas económicas ou xeográficas ao libre acceso das familias á ensinanza superior, ou se limitamos a nosa capacidade de autogoberno, ou se nos rendemos a intereses económicos de curto prazo, estaremos destruindo un modelo que –díxase o que se diga– demostrou sobradamente a súa eficacia na Europa posterior a 1945.

A universidade pública non só ensina, investiga e transfere coñecemento. Cumpre ademais unha función insubstituíble como instrumento de cohesión social e económica, tal como recolle a propia lei de creación do Sistema Universitario de Galicia. En concreto, a Universidade da Coruña fixo máis pola igualdade de oportunidades que a mellor política de bolsas.

Temos a favor desta interpretación un aliado esencial: a propia sociedade galega e española, que ven reiterando en sucesivas enquisas a súa valoración preferente da Universidade e da comunidade científica entre o conxunto das institucións. Ese dato non é nimio, sobre todo en época como a actual. Non debemos defraudar as expectativas nin a confianza da nosa cidadanía. Aínda máis, ese respaldo debe servir para reafirmarnos na defensa do modelo público.

Mais a universidade pública non se sostén só con boas intencións nin con palabras de ánimo. A Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) ven de lembrarnos que, logo do gran esforzo de modernización dos últimos trinta anos, a formación universitaria española situouse en taxas de matrícula e graduación equivalentes ás dos países máis eficientes. Pódese calibrar mellor este esforzo se consideramos que o investimento español en educación, o 1,1% do PIB, é aínda inferior ao 1,5% de media no ámbito da OCDE.

Iso significa eficiencia.

E que dicirmos da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, a maior transición educativa feita no Estado e que debeu realizarse con financiamento cero?

Somos eficientes, a universidade pública é eficiente, como non me cansarei de repetir. A I+D+i galega (unha das máis baixas do Estado) non chega ao 1% do PIB. De igual modo, a porcentaxe española, establecida no 1,39, queda lonxe do 2% da media europea. Con estes baixos indicadores España conseguiu posicionarse como novena potencia científica do mundo.

Á luz destes datos, debemos preguntar se interesa ou non aos gobernos investir en ensinanza superior? Acaso a universidade non devolve á sociedade entre dúas e tres veces o investimento que se

realiza nela? E onde se investiga en Galicia se non é nas universidades?

Non quero parecer demasiado abstracto nin esvaer as magnitudes de que falamos. O recorte de 600 millóns en I+D+i equivale a toda a partida que os orzamentos do Estado dedicaron ao CSIC en 2008.

En fin, en momentos como o actual, reflexionemos sobre o dato de que tanto Alemaña como Francia manteñan ou mesmo estean a reforzar os seus orzamentos para investigación. A conclusión é clara. Fano así porque comprenden que é mal negocio dar pasos atrás en formación e en investigación. Porque, pola súa propia natureza, un parón na investigación costa logo décadas de recuperación e, nunha sociedade que se proclama como do coñecemento, traslada os efectos negativos á competitividade da súa economía.

Non están entre nós os causantes dos males económicos. Antes ao contrario, a crise xestouse e macerou no sector privado máis puro. A sucesión de feitos, desde o comezo, é un mostrario de ineficiencias e de descontrol no ámbito financeiro e económico que para nada son imputables á xestión de organismos públicos.

Como é a Universidade da Coruña a comezos de 2012?

Somos unha universidade pública, moderna e en permanente progresión. Somos unha institución consolidada, ordenada, ben integrada e cos perfís académicos e científicos correctamente definidos. Somos unha universidade imbricada na súa contorna xeográfica, socioeconómica e cultural, comprometida de verdade co progreso do país.

Malia a situación xeral, o novo equipo herda unha universidade economicamente saneada, sen débedas. Non é pouco nestes momentos e queremos facelo valer, como parece lexítimo.

Termos as contas saneadas é o froito dunha xestión seria, baseada na planificación, no equilibrio e no rigor orzamentarios. E fíxose co respaldo unánime do Claustro, o que fala moi ben da cohesión da Universidade da Coruña.

Como dicía antes, demostramos ser eficientes. Sabemos tirar os mellores resultados dos sempre escasos recursos que temos. Hoxe en día fálase moito da "austeridade", como se fose un valor esquecido, unha virtude redescuberta por necesidade imperiosa das circunstancias. Eu prefiro falar de sustentabilidade. E para nós a sustentabilidade non é algo novo, nin moito menos algo circunstancial. Está no noso ADN. Aquí vimos practicando unha política rigorosa e eficiente, malia contarmos cun dos peores financiamentos por estudante de todo o Estado.

En coherencia coa liña de pensamento exposta, a mesma que veño defendendo ao longo da miña traxectoria na xestión universitaria, asumo en toda a súa extensión o posicionamento crítico que a Universidade da Coruña expuxo, en tempo e forma, sobre o actual plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia (2011-2015), que consideramos pouco razoable para a universidade pública e ineficaz para reducir os desequilibrios históricos dos que adoce a Universidade da Coruña.

Mais dito o anterior, cómpre poñer por diante outra premisa básica do reitorado que agora se abre. Creo en Galicia, cremos

en Galicia e na fortaleza do seu sistema universitario.

Creo que, sen renunciar á autonomía de cada universidade, deberemos reforzar aínda máis a colaboración entre as tres universidades galegas e tamén entre os seus sete grandes campus. Galicia necesita un sistema universitario sólido, ben cohesionado e coordinado. Sen dúbida, a fortaleza de cada unha das tres universidades serve e reforza á Universidade galega.

Esta convicción significa que, segundo eu creo, deberemos procurar operar como conxunto, con obxectivos coherentes e cun plan de futuro. O goberno galego é parte esencial desta política ambiciosa, para o que debe comprometerse sabendo que as universidades responderemos.

Estou convencido que nada bo tiraremos de disputas estériles entre nós e, a cambio, mediante as alianzas e a procura da complementariedade seremos cada vez mellores e máis competitivos. Serviremos mellor a Galicia, en fin, e, mediante a cooperación e a colaboración, cumpriremos tamén o papel modélico que a sociedade nos demanda.

Xa hoxe temos exemplos desa colaboración. O 40% dos mestrados oficiais da Universidade da Coruña teñen carácter interuniversitario. O éxito desta e doutras iniciativas, como a colaboración non competitiva en campus de excelencia, amósanos o camiño a percorrer en docencia, investigación e xestión.

Como novo reitor, as miñas portas están abertas para cantos constituímos a comunidade universitaria –profesorado, PAS e estudantes–, pero tamén para os representantes de institucións, empresas e asociacións coruñesas e ferrolás, aquí presentes.

Saiban que a Universidade é un aliado eficaz para os intereses que todos representamos e para o progreso deste territorio amplo e dinámico que, malia a crise, continúa a ser decisivo en Galicia.

A Universidade que eu represento é de toda a cidadanía, non soamente dos universitarios e das universitarias.

Non me faltan exemplos para esta tarefa. Desde aqueles tempos que invocaba ao comezo destas palabras, recibín magníficas leccións de tolerancia, de respecto ao adversario e de vocación de servizo público de persoas ideologicamente tan distantes como os profesores Beiras Torrado e Ríos Fernández, cuxa presenza neste acto moito agradezo.

Hoxe lamento especialmente unha ausencia, a do noso querido doutor Honoris Causa Isaac Díaz Pardo, quen, logo de "ver pasar tanta agua e tanta historia", como el mesmo dixera neste Paraninfo, abandonounos hai apenas unha semana.

Isaac Díaz Pardo era o artista, o mecenas, o empresario, o gardián da nosa memoria histórica, o resistente en tempos de chumbo, o valedor da lingua e da cultura galegas, da nosa singularidade como pobo, o modelo que soubo unir arredor da súa persoa, viñeran de onde viñeran, a todos cantos cremos na Galicia posible do futuro, orgullosa de si, da súa lingua, rica, culta e xenerosa.

Que o seu exemplo nos guíe.

O novo equipo de goberno da UDC

Un grupo multidisciplinar cunha ampla experiencia na xestión

Este cambio de etapa na Universidade da Coruña implica tamén unha remodelación nos órganos de goberno. As nove vicerreitorías quedan reducidas a un total de sete. O posto de Xosé Luís Armesto, que ata o seu nomeamento fora vicerreitor de Profesorado con José María Barja, durante os últimos oito anos, ocúpao agora Gustavo Rego, ex decano da Facultade de Económicas. A súa é unha nova incorporación ao equipo de goberno, igual que a de Ricardo Cao Abad, á fronte de Investigación e Transferencia; Xulio Abalde,

responsable de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías; Amalia Blanco, que asumiu a Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas; Natalia Álvarez, que dirixe Relacións Internacionais e Cooperación, e Araceli Torres que leva a batuta na área de Ferrol, unha tarefa que comparte coa de Responsabilidade Social.

Os que repiten no posto son María Xosé Martínez, vicerreitora de Estudantes, que agora tamén asume Deportes e Cultura, e Carlos Amoedo, como secretario xeral.



REITOR

Xosé Luís Armesto Barbeito

Xosé Luís Armesto Barbeito naceu na Coruña. É doutor en Química e Master in Environmental Sciences and Engineering, así como autor de diversas publicacións sobre a química de N-halo compostos e procesos de degradación química e fotoquímica de herbicidas e praguicidas. É catedrático de Química Física na Facultade de Ciencias da UDC, onde desenvolveu toda a súa carreira universitaria, a excepción da súa colaboración en traballos de investigación coa Universidade de Santiago, en que acadou a licenciatura e o doutoramento con premio extraordinario.

Ao seu labor investigador súmase o de xestión, á fronte do Colexio Universitario da Coruña, xerme da universidade actual, e decano da Facultade de Ciencias. O seu antecesor no cargo, José María Barja, contou con el desde o primeiro momento para formar parte do seu equipo de goberno, en que foi vicerreitor de Profesorado desde 2004.



VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E INFRAESTRUTURAS

Amalia Blanco Louro

Amalia Blanco ocúpase do aspecto financeiro, que queda agrupado ademais coa planificación de todo o relativo ás infraestruturas da Universidade.

É profesora titular de universidade desde o ano 2003. Licenciouse en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela e acadou o grao de doutora en Matemáticas no 1998. Está vinculada á Universidade da Coruña desde o ano 1999, e imparte materias da área de coñecemento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa.

A nova vicerreitora desempeñou, desde febreiro de 2005 ata a súa toma de posesión, diferentes cargos de xestión, tanto no seu departamento como no seu centro. O último deles foi o de vicedecana de Titulacións e Calidade da Facultade de Economía e Empresa. Ademais é membro do Claustro universitario desde o ano 2007.



VICERREITORÍA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL

Araceli Torres Miño

A de Araceli Torres é unha das novas incorporación ao equipo de goberno. Substitúe a Luis Barral á fronte do campus de Ferrol, unha importante tarefa que combina coa súa encomenda de planificación da área de Responsabilidade Social.

É licenciada en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela e doutora en Enxeñaría Industrial pola Universidade da Coruña. Na actualidade é profesora titular de universidade do Departamento de Matemáticas na área de Matemática Aplicada, exercendo a súa docencia na Escola Universitaria Politécnica e na Escola Politécnica Superior en Ferrol. Actualmente é membro do grupo de Polímeros da Universidade da Coruña, un dos equipos de investigación máis destacados da UDC, en que desenvolve a súa investigación. Tamén é titora da UNED na extensión de Ferrol e foi directora da Cátedra Jorge Juan no curso 2004-2005.



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E
TRANSFERENCIA

Ricardo Cao Abad

A responsabilidade na xestión da investigación que se desenvolve na Universidade da Coruña, así como a transferencia dos resultados acadados á sociedade unificase na vicerreitoría que dirixe Ricardo Cao, que é catedrático de Universidade de Estatística e Investigación de Operacións na Universidade da Coruña desde 1999.

Licenciado en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela en 1988 (con premio extraordinario e primeiro premio nacional) e doutor pola mesma universidade en 1990 (con premio extraordinario), vén desenvolvendo un intenso labor investigador, que abrangue aspectos como a inferencia non paramétrica, os métodos de remostraxe, a análise de supervivencia, a verosimilitude empírica, o risco de crédito e os métodos estatísticos en xenómica e neurociencia. É autor de sete libros e máis de setenta artigos en revistas internacionais, dirixiu sete teses de doutoramento e foi investigador principal dunha ducia de proxectos de investigación competitivos. Actualmente é membro da Bernoulli Society e da Sociedad Española de Biometría e do International Statistical Institute. Entre 2005 e 2008 foi director do Departamento de Matemáticas e membro do Consello de Goberno, retomando esta tarefa en 2011 en representación do Claustro.



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, DEPORTES E
CULTURA

M.ª José Martínez López

María José Martínez López é unha das integrantes do equipo que repite mandato. Desde 2008 era vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais. Nesta nova andaina repite na súa xestión das necesidades da comunidade de estudantes, tarefa a que suma os departamentos de deportes e cultura, mentres que deixa as relacións internacionais.

É profesora titular de Universidade de Literatura Española na Facultade de Filoxía. Titulouse en Maître-ès-Lettres pola Universidade Blaise Pascal de Clermont-Ferrand, en 1977, e é licenciada pola Universidade Complutense de Madrid, en 1986. Obtivo o Diplôme d'Études Approfondies en Paris-IV La Sorbonne en 1980 e doutorouse na Universidade de Santiago de Compostela en 1994. Entre os seus cargos de xestión na Universidade da Coruña destacan o de secretaria do Departamento de Filoxía Española (1990-1991), vicedecana da extinta Facultade de Humanidades da Coruña (1993-1996) e decana da Facultade de Filoxía de 1999 a 2005. É membro do Claustro Universitario desde 1999 e foi integrante da Comisión de Profesorado e da Comisión Académica delegadas da Xunta de Goberno durante o período 1999-2005. Desde 2008 é vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais.



VICERREITORÍA DE PROFESORADO E
PLANIFICACIÓN DOCENTE

Gustavo Rego Veiga

A relación co corpo de docentes da Universidade da Coruña corre a cargo de Gustavo Rego Veiga, que é profesor titular de universidade desde 2002. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela, está vinculado á Universidade da Coruña desde 1991, onde imparte materias da área de Economía Aplicada.

Tamén vén mantendo un intenso labor investigador, en liñas centradas no financiamento local e autonómico. Ademais, a súa experiencia como xestor no seo da universidade está avalada polos seus cargos como decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de 2005 a 2011 e membro do Claustro Universitario desde 1999. Tamén foi membro da Comisión de Organización Académica e Profesorado (2005-2011), da Comisión de Investigación (2005-2011), da Comisión de Asuntos Económicos (2009-2011) e da Comisión de Plan de Estudos (2009-2011), delegadas do Consello de Goberno. Desde 2005 é membro do Consello Económico e Social de Galicia.



VICERREITORÍA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS E COOPERACIÓN

Natalia Álvarez Lata

A planificación das relacións internacionais da UDC desvincúlase neste novo mandato da Vicerreitoría de Estudantes, para unificarse con cooperación nun novo departamento dirixido por Natalia Álvarez Lata.

É profesora titular de Dereito Civil na Universidade da Coruña desde 2003, tras doutorarse en Dereito pola Universidade da Coruña en 1997 (con Premio extraordinario). Completou estudos nas Universidades de Boloña, París, Frankfurt, Coímbra e Oxford. Os seus principais ámbitos de investigación son o Dereito de consumo, a responsabilidade civil e o tratamento xurídico da discapacidade. É autora, sobre estes e noutros temas, de numerosos libros e artigos en revistas científicas e relatora en congresos, xornadas e seminarios nacionais e internacionais. Na actualidade é investigadora principal do proxecto Crédito responsable e protección do consumidor do Plan Nacional de I+D e participa nun proxecto de cooperación ao desenvolvemento do Ministerio Asuntos Exteriores, tamén é membro do Trento Common Core Project on Product Liability e coordina o mestrado universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial.



VICERREITORÍA DE TÍTULOS, CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS

Julio Abalde Alonso

Julio Abalde aglutina no seu departamento a xestión dos títulos da Universidade da Coruña, nun momento importante en que acaba de culminar a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior. Tamén afronta os desafíos en calidade e implantación de novas tecnoloxías.

Catedrático de Microbioloxía, leva desde o ano 1991 vinculado á Universidade da Coruña, como profesor titular tras ocupar este cargo na Universidade de Santiago, onde se licenciou e doutorou en Bioloxía.

A súa actividade investigadora céntrase no estudo das microalgas. Participou en máis de 30 proxectos e contratos de investigación autonómicos, nacionais e internacionais, sendo investigador principal de preto de vinte. Dirixiu sete teses de doutoramento e é autor de máis de 80 artigos publicados en revistas de difusión internacional, e de 12 libros ou capítulos de libro. No que respecta á xestión, desempeñou diversos cargos como o de director da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (2005-2009), tamén realizou actividades de avaliación de calidade universitaria para a ANECA e para diferentes universidades, foi ata a actualidade o presidente da Comisión de Seguimento e Certificación do Programa Docencia da ANECA e ACAP e da Comisión de Titulacións do País Vasco, UNIBASQ.



SECRETARÍA XERAL

Carlos Amoedo Souto

Carlos Amoedo repite neste mandato no seu cargo como secretario xeral da UDC. É catedrático de escola universitaria de Dereito Administrativo na Universidade da Coruña desde o ano 2002 e está especializado en dereito cultural. Desde o ano 2004 imparte docencia na Facultade de Economía e Empresa. A súa investigación céntrase no dereito policial, no dereito administrativo económico e no dereito cultural, con atención preferente ao Dereito autonómico de Galicia. Conta cunha ampla experiencia en xestión pública, en especial no ámbito cultural. Foi asesor xurídico do Ilustre Colexio de Veterinarios da Coruña (2002-2005); secretario xeral da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia (2005-2009); secretario das Fundacións Cidade da Cultura, Illa de San Simón e Museo do Mar (2005-2009); vogal do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela (2005-2009) e secretario do Consorcio Galicia Navega Volta ao Mundo a Vela (2005-2011). Desde maio de 2010, é secretario xeral da Universidade da Coruña e membro permanente da súa Mesa de Contratación.





Pesar na comunidade universitaria polo pasamento do seu doutor Honoris Causa Isaac Díaz Pardo

A Universidade da Coruña iniciou o ano 2012 coa perda dun dos seus membros máis entrañables e imprescindibles na construción da Galicia actual. Isaac Díaz Pardo, investido doutor Honoris Causa en xaneiro de 2007, falecía o 5 de xaneiro e deixaba un baleiro irremprazable na institución académica. Así o lembraba a institución tras o seu pasamento, destacando a súa exemplaridade na loita pola democracia, pola construción cultural e industrial de Galicia e, en suma, pola nosa dignidade como pobo. "Algo de todos nós se perde co seu pasamento, mais grazas a el, tanto ao que soubo facer como ao que soñou, Galicia é máis Galicia", sinalábase no comunicado emitido pola Universidade.

O Claustro da UDC acordara en decembro de 2006 investir a Díaz Pardo como décimo oitavo doutor Honoris Causa, a súa máis alta distinción académica, en decembro de 2006, en recoñecemento da súa obra, "decisiva para a construción cultural e industrial de Galicia. A cerimonia tivo lugar o 27 de xaneiro de 2007, nun solemne acto en que non faltaron as principais autoridades políticas, académicas e civís, así como membros dos eidos social e cultural de toda Galicia. Un acto en que, facendo gala da súa proverbial humildade, Isaac Díaz Pardo agradecía sinalando que "este nomeamento máis que aos meus méritos responde ao que eu represento nos meus anos en que vin pasar tanta auga e tanta historia. Sería unha parvada que eu me crese investido dos méritos que este nomeamento me ofrece". Así, con esa retranca, será recordado Isaac Díaz Pardo.

Para el foron as últimas e máis emotivas palabras do discurso de posesión do reitor. "Que o seu exemplo nos guíe" como modelo "dos que cremos na Galicia posible do futuro, orgullosa de si, da súa lingua, cultura e xenerosa", remataba Xosé Luís Armesto, tras agradecer o legado do "artista, o mecenas, o empresario, o gardián da nosa memoria histórica, o resistente en tempos de chumbo, o valedor da lingua e da cultura galegas e da nosa singularidade como pobo".

Edítase o primeiro Dicionario de química en galego con máis de 7.000 termos

A Universidade da Coruña xa conta co seu primeiro Dicionario de química en galego, publicado recentemente por esta institución con motivo do Ano Internacional da Química e da autoría de Ramón Vilalta López (coordinador) Juan José Guillín Fraga e Antonio Varela Caamaño.

Esta nova obra terminolóxica en lingua galega, de máis de 400 páxinas, contou co asesoramento lingüístico e terminolóxico de Xesús M. Mosquera Carregal, técnico do Servizo de Normalización Lingüística da UDC e dispón dun lematario de máis de 7.000 termos con cadansúa definición, ademais de apéndices con información complementaria de interese (táboa periódica, glosario plurilingüe galego-castelán-inglés-portugués, escolma gráfica de material de laboratorio etc.).

Os tres autores deste volume xa publicaran no ano 2005 un dicionario de física en lingua galega, de modo que con este segundo dicionario cobren novamente un baleiro importante na terminografía galega no ámbito das ciencias experimentais.



A Fundación Barrié destina medio millón de euros ao apoio de dous grandes proxectos de investigación

A Fundación Barrié asinou un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para o desenvolvemento de dous proxectos de investigación por valor de medio millón de euros. O acordo enmárcase nas accións do Fondo de Investimento en Ciencia da Fundación, dotado con 5,5 millóns de euros, que tivo como resultado a súa consolidación como socio investidor en proxectos capaces de xerar resultados de investigación susceptibles de ser comercializables. A Fundación Barrié creou este fondo en 2011 co fin de reforzar o seu apoio á universidade e á ciencia, para investir a risco na investigación. Nesta iniciativa conta co asesoramento de Isis Innovation, empresa de transferencia de tecnoloxía da Universidade de Oxford, coa que colabora estreitamente para identificar e avaliar os mellores candidatos para investir na ciencia feita en Galicia.

Os proxectos da UDC desenvolveranse nos ámbitos da Biotecnoloxía e as Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC). O primeiro deles denomínase BIO-alfa Gal, pertence ao ámbito da Biotecnoloxía e nel traballa o Grupo de Expresión Xenética en Levaduras e Aplicacións EXPRELA, da UDC. O obxectivo do proxecto é a valorización e transferencia á industria de produtos relacionados coa utilización da proteína alfa-galactosidasa, capaz de catalizar reaccións con interese industrial. Entre as principais aplicacións figura a hidrólise de carbohidratos complexos, de grande utilidade para sectores como a industria alimentaria, farmacéutica ou bioenerxética, para a produción de bioetanol.

O segundo proxecto denomínase High Performance Computing for High Performance Trading e desenvólveo o Grupo de Arquitectura de Computadores da Facultade de Informática. O seu obxectivo é a valorización e transferencia á industria dun software de comunicacións con aplicación a sectores en que a obtención do máximo rendemento nas comunicacións adquire un carácter estratéxico xa que teñen que transmitir e procesar un gran volume de datos no menor tempo posible. É o caso dos sectores da enerxía, defensa, telecomunicacións, industria aeroespacial ou sector financeiro.

O reitor inaugura un mural de Leandro Lamas na Facultade de Economía e Empresa

O reitor da Universidade da Coruña, Xosé Luís Armesto, inaugurou recentemente un mural do artista Leandro Lamas, situado no vestíbulo da Facultade de Economía e Empresa. A obra, de doce metros de lonxitude, consta de dez paneis en que cada un deles representa unha actividade relativa á economía ligada coa correspondente palabra en galego. A iniciativa foi unha proposta do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña que se materializou en colaboración coa Facultade.

No acto de inauguración estiveron presentes, ademais de Armesto, o decano do centro, Anxo Calvo; a directora do Servizo de Normalización Lingüística, Goretti Sanmartín, e o propio artista Leandro Lamas.



Cinco iniciativas de alumnos emprendedores únense ás empresas asociadas da UDC

Cinco proxectos emprendedores xurdidas pola propia iniciativa dos seus alumnos recibiron o seu correspondente certificado con Empresas Asociadas da UDC, o que demostra o éxito do viveiro de empresas posto en marcha por esta institución académica. Trátase das entidades Avansig, Galebook, Goovent, Teimas e Trileuco. Todas elas están relacionadas con este viveiro situado no campus de Elviña e co que se fomenta a creación de empresas de base tecnolóxica ou de transferencia de resultados de investigación entre os alumnos, os profesores e o persoal de administración e servizos da UDC.

O Viveiro de Empresas proporciona, ademais dun local e acceso a redes e servizos comúns, formación de xestión empresarial e apoio na procura de financiamento público e privado para desenvolver o proxecto empresarial. Os emprendedores admitidos na incubadora teñen que presentar un plan de negocio aos nove meses de estadia para saber se o seu proxecto é viable empresarialmente, tras o cal poden estar baixo o paraguas universitario un máximo de dous anos.

Tras recibir o seu certificado, os novos empresarios destacaron a axuda prestada pola Universidade da Coruña. Aseguran que sen este apoio é moi probable que non existisen como empresas.

Juan Manuel Díaz Villoslada é o novo xerente da UDC

A Universidade da Coruña vén de nomear un novo xerente, Juan Manuel Díaz Villoslada, que substitúe no posto a María Jesús Grela Barreiro. Díaz Villoslada é funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia. É licenciado en Dereito e cursou un posgraao en Dirección de Recursos Humanos. Ten unha longa experiencia profesional en postos de xestión. Foi técnico de xestión na Asesoría Xurídica da Dirección Provincial do INSALUD en Ourense. Estivo máis de dez anos na Xunta de Galicia como técnico superior de xestión, inspector de servizos e subdirector xeral de Administración Local. Desde o ano 2000 exerceu o seu labor no Concello da Coruña, como xefe do Servizo de Persoal e director de Servizos Xerais, Facenda e Interior. É tamén profesor colaborador en distintas universidades e na Escola Galega de Administración Pública.



Premio para a Facultade de Ciencias da Educación Física na gala do Día do Deporte

Universidade da Coruña celebrou por terceiro ano consecutivo o Día do Deporte Universitario cunha xornada en que os estudantes, profesores e persoal de administración e servizos puideron participar de balde en todo tipo de actividades lúdicas como tiro con arco, túnel de bateo de béisbol, tirolina e actividades de aventura e tempo libre no estadio universitario do campus de Elviña.

Tamén se celebraron competicións de fútbol 5x5 e de baloncesto 3x3, con regalos para os participantes. Os membros da comunidade universitaria puideron avaliar a súa condición física participando nunhas probas controladas por profesionais nos baixos do estadio. Neste test analizouse cada caso, ofrecendo recomendacións deportivas para cada persoa en concreto co fin de mellorar o seu estado físico.

Esta xornada incluíu tamén a entrega do III Premio UDC Deportes, celebrada no transcurso dunha cea no Pavillón de Estudantes. Nesta terceira edición o galardón recaeu na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física en recoñecemento ao seu labor educativo e á súa contribución á profesionalidade do deporte en Galicia ao longo dos seus 25 anos de existencia.

Culmina a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior co Mestrado en Avogacía

Coa sinatura do convenio de colaboración co Colexio Provincial de Avogados da Coruña deuse o último paso para impartir o novo Mestrado Universitario en Avogacía, obrigatorio para poder exercer a profesión. Deste xeito culmínase a adaptación de todos os títulos da Universidade da Coruña ao novo marco académico europeo que dirixiu a Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións.

Todos os estudantes de Dereito terán que cursar este mestrado de forma obrigatoria para poder exercer a avogacía. Os licenciados e titulados en Dereito que obtiveron o seu título antes do 31 de outubro de 2011 teñen dous anos de prazo para colexiarse. O mestrado universitario consta de 90 créditos (un ano e medio de formación) que inclúe parte docente (60 créditos) e parte práctica (30 créditos) impartidos por docentes da Universidade da Coruña e por avogados colexiados en situación activa cun mínimo de tres anos de exercicio para a formación teórica e de cinco no caso de seren titores de prácticas. Comezará a impartirse o vindeiro curso 2012-2013 e terá unha matrícula coas mesmas taxas que os demais mestrados universitarios oficiais.

Establécense catro excepcións ao mestrado para obter o título. En primeiro lugar, os alumnos e alumnas que se matricularon antes de que se aprobara a lei en outubro de 2006 non terán que realizar o postgraao se nun prazo de dous anos, unha vez finalizada a carreira, proceden a colexiarse. En segundo lugar, quenes se matricularon na licenciatura de Dereito despois de 2006 quedarán exentos da parte teórica do postgraao. O estudantado que solicitou a homologación dun título estranxeiro antes de entrar en vigor a lei tamén queda exento sempre que se colexie nun prazo máximo de dous anos.

Universidade & Sociedade Blogpaper



Directorio P2

Editorial P2

U + Opinión P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-12

Proceso electoral. Unha lección de xogo limpo


Retos para a nova etapa. Unha firme aposta pola universidade pública

O equipo. Unha ampla experiencia en xestión

U + Actualidade P15

U + Contraportada P16

Loito e recoñecemento académico no Día da Universidade



A Universidade súmase ao proxecto Smart Cities

A Universidade da Coruña sumarase ao proxecto Smart Cities impulsado polo Concello coruñés co obxectivo de mellorar a vida da cidadanía e do seu contorno económico a través da innovación tecnolóxica. Precisamente neste campo a UDC conta tanto con experiencia como con potencial. A Coruña é a única cidade galega incluída na rede "Smart Cities".

O reitor, Xosé Luís Armesto, manifestoulle ao alcalde da Coruña, Carlos Negreira, a adhesión da institución académica a este proxecto na súa primeira visita institucional ao Pazo de María Pita. Armesto asinou no Libro de Ouro do Concello e Negreira obsequiouno cunha reprodución a escala da Torre de Hércules. Ambos os dous aseguraron que esta é só unha primeira toma de contacto do que será un diálogo fluído e constante entre as dúas institucións.



Recibimento ao estudiantado Erasmus e de intercambio

A Universidade da Coruña recibiu o estudiantado Erasmus e de intercambio do segundo cuatrimestre nun acto que tivo lugar no Paraninfo da Universidade. A recepción estivo presidida polo reitor da UDC, Xosé Luís Armesto, e tamén estiveron presentes a vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura, María José Martínez López e a vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación, Natalia Álvarez Lata.

Tras a benvida do reitor procedeuse á presentación dos servizos da universidade, que correu a cargo de Fernando Peña, director da Oficina de Relacións Internacionais (ORI); Sandra King, responsable técnica da ORI; Neves Arza, directora do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE); Goretti Sanmartín, directora do Servizo de Normalización Lingüística e membros da Association des États Généraux des Étudiants de L'Europe (AEGEE).

María Dolores Candedo, Colexiada de Honra do Colexio de Educadores Sociais

A profesora da Universidade da Coruña, adxunta á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías e presidenta do Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega, María Dolores Candedo Gunturiz, vén de ser nomeada Colexiada de Honra 2012 do Colexio Profesional de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, coincidindo coa celebración dos 11 anos de andaina desta entidade.

Deste xeito, o CEESG reconece o labor da profesora e a súa grande contribución ao desenvolvemento desta profesión. Entre os seus méritos destacan a súa traxectoria como docente, iniciada no ano 1990 na Escola Universitaria de Ourense e, posteriormente e ata a actualidade, na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, entidade de que foi decana durante cinco anos. Foi tamén adxunta na Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións, cargo en que foi unha das responsables da posta en marcha dos graos, entre eles o de Educación Social.

Os seus ámbitos de investigación están moi ligados á Educación Social, desde educación en valores e políticas culturais no marco da Administración local ata modelos e usos lingüísticos en educación. Neste eido, ten publicado temas de Educación Social e Escola, Pedagogía Social e Educación Ambiental. Con este nomeamento María Dolores Candedo Gunturiz adquire a condición de colexiada de honra, que é unha mención honorífica que lle dá dereito á participación nas asembleas ordinarias e extraordinarias deste colexio profesional. Será a segunda vez que esta entidade fai un nomeamento deste tipo, xa que no ano 2003 concedéuselle este galardón a Xosé Manuel Cid, profesor da Universidade de Vigo no campus de Ourense.



O reitor inicia en Ciencias da Saúde unha rolda de visitas aos centros

O reitor, Xosé Luís Armesto, iniciou na Facultade de Ciencias da Saúde, no campus de Oza, unha visita que constitúe o inicio dunha rolda de contactos con todos os centros da Universidade da Coruña. Na reunión estiveron presentes tamén o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, Julio Abalde, o decano, Sergio Santos del Riego; a vicedecana, María Ángeles Castro Iglesias e a secretaria académica, Inés Viana Moldes.

Esta rolda de visitas ten por obxecto achegarse aos centros e coñecer aínda máis non só a problemática de cada facultade, senón tamén os proxectos universitarios e o día a día que se vive nos centros. O decano valorou moi positivamente esta iniciativa que facilita a comunicación fluída entre os centros e a Reitoría e agradeceu que se iniciase pola facultade do campus de Oza que imparte Terapia Ocupacional.

Na reunión tratáronse diversos temas académicos e de xestión referidos a esta titulación e avanzáronse algúns dos proxectos da facultade referentes á internacionalización, como a creación dun futuro mestrado interuniversitario internacional sobre Terapia Ocupacional en que están a traballar no decanato do campus de Oza.



Loito e recoñecemento académico no Día da Universidade

O 17 de febreiro celebrouse o Día da Universidade no Paraninfo da Reitoría, logo que se adiasa o 27 de xaneiro debido á traxedia ocorrida na praia do Orzán, en que faleceron o estudante Erasmus da UDC Tomas Velicky e tres axentes da Policía Nacional que trataron de o rescatar. O acto estivo presidido polo reitor, Xosé Luís Armesto, e no seu transcurso entregáronse os Premios á Excelencia no Bacharelato e os Premios UDC-Banco Santander á Excelencia Académica na Universidade. Tamén se concederon distintivos a 95 novos doutores e entregáronse os diplomas dos premios extraordinarios de doutoramento que recoñeceron a extraordinaria valía de vinte doutores. Os Premios á Excelencia no Bacharelato están dotados con 769 euros cada un e este ano concedéronselles a 15 alumnos con notas excepcionais matriculados nalgunha das titulacións da Universidade da Coruña. Os Premios UDC-Banco Santander á Excelencia Académica na Universidade recoñeceron o esforzo de 39 estudantes con 1.410 euros a cada un.



Universidade & Sociedade Blogpaper



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Directorio P2

Editorial P2

U + Opinión P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-12

Proceso electoral. Unha lección de xogo limpo

Retos para a nova etapa. Unha firme aposta pola universidade pública

O equipo. Unha ampla experiencia en xestión

U + Actualidade P15

U + Contraportada P16

Loito e recoñecemento académico no Día da Universidade

